

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo AGADIC

D.L.: C-826-06

A AGADIC PECHA O SEU PRIMEIRO EXERCICIO CUN SECTOR ESCÉNICO EN EXPANSIÓN

OS INGRESOS DE EXPLOTACIÓN DAS EMPRESAS TEATRAIS GALEGAS AVANZAN A RITMOS SUPERIORES AO 20%

DUPLÍCASE A FACTURACIÓN MEDIA DAS PRINCIPAIS COMPAÑÍAS DE TEATRO DE ACTOR

A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) pechou o seu primeiro exercicio de funcionamento con cifras moi positivas canto ao desenvolvemento do sector escénico, un dos que se insiren baixo a súa competencia. Nestes resultados, favorables en moitos aspectos económicos e tamén en cálculos de público, destacan valores como que os ingresos de explotación das compañías de teatro galegas están a crecer a ritmos superiores ao 20%. Como consecuencia, o número de compañías teatrais que facturan máis de 100.000 euros anuais pasou de 8 no ano 2005 a 26 en 2008, ao tempo que a facturación media das principais compañías de teatro de actor duplicouse até chegar aos 345.000 euros anuais. Os datos figuran no informe-memoria de actividade 2008 da AGADIC, que se publicará proximamente en formato electrónico, e cuxas conclusións tíranse da actividade dos máis de 50 espazos asociados á Rede Galega de Teatros e Auditorios e á Rede Galega de Salas.

continúa na páx. seguinte

SUMARIO

- [1-7] AGADIC
 - [4] > Mensaxes do Día da Danza
 - [4-5] > Centro Coreográfico Galego
 - [5-7] > Centro Dramático Galego
- [7] NOVIDADES EDITORIAIS
- [8-9] ALERTAS
- [10-11] E_SCENA EN CIFRAS



navega por e_scena pinchando nas frechas,
no índice e nos enderezos web

A AGADIC PECHA O SEU PRIMEIRO EXERCICIO CUN SECTOR ESCÉNICO EN EXPANSIÓN

Os ingresos medios anuais das 10 maiores empresas situáronse nos 345.000 euros

As programacións aumentaron un 9% en volume de funcións e de contratación

.....
vén da páx. anterior

Máis concretamente, durante os tres últimos anos, os ingresos de explotación das empresas galegas de artes escénicas están a aumentar a ritmos de entre o 13% e o 34% anual. En case que a totalidade das disciplinas artísticas, os niveis deste tipo de ingresos véñense duplicando. Así, os ingresos medios anuais das 10 maiores empresas situáronse nos 345.000 euros e 8 delas superaron os 250.000 euros [v. cadro 1].

Tales resultados acompañan á política que a AGADIC vén desenvolvendo na procura dun tecido empresarial forte, dun mercado laboral normalizado e dunha estrutura cultural produtiva dinámica, competitiva e innovadora para as artes escénicas e musicais de Galicia. Esta política –caracterizada polo incremento progresivo dos recursos financeiros de apoio ao sector, pola mellora na xestión empresarial e nos procesos de produción e distribución, pola potenciación da presenza social dos produtos e polo incremento dos niveis de penetración dos mesmos nos mercados exteriores– conseguiu, malia o escaso tempo transcorrido desde a súa implantación, moitos dos efectos favorables que agora agroman.

Incremento da danza

Na área de incidencia que ten como obxectivo a potenciación dos mercados interiores para a produción escénica e musical galega, durante o exercicio de 2008 constatouse a continuidade da tendencia xa iniciada en 2007, de xeito que as programacións aumentaron un 9% en volume de funcións e de contratación. O incremento foi especialmente

Cadro 1. Evolución económica das empresas do sector

	2005	2006	2007	2008	% Interanual
Teatro de actor ⁽¹⁾					
Media dos ingresos brutos anuais	165.750,22	201.403,82	226.065,10	345.227,61	20,13%
Nº empresas con facturación superior a 100.000 €	8	9	17	21	
Nº empresas con facturación superior a 250.000 €	2	2	3	8	
Teatro de monicreques ⁽²⁾					
Media dos ingresos brutos anuais	71.023,52	88.798,02	127.155,04	149.917,18	20,53%
Nº empresas con facturación superior a 100.000 €	0	2	4	6	
Danza ⁽²⁾					
Media dos ingresos brutos anuais	69.954,35	77.690,45	107.376,82	227.896,88	34,35%
Nº empresas con facturación superior a 100.000 €	1	1	2	4	
Maxia ⁽²⁾					
Media dos ingresos brutos anuais	86.052,21	101.960,66	134.307,27	140.429,98	13,02%
Nº empresas con facturación superior a 100.000 €	2	2	2	2	

(1) Datos das 10 empresas con maiores ingresos brutos anuais / (2) Datos das 5 empresas con maiores ingresos brutos anuais

Cadro 2: Evolución global das programacións de artes escénicas e musicais

	2005			2006			2007			2008		
	SALAS	FUNCIÓNS	ORZAMENTO	SALAS	FUNCIÓNS	ORZAMENTO	SALAS	FUNCIÓNS	ORZAMENTO	SALAS	FUNCIÓNS	ORZAMENTO
RGTA	44	552	1.405.318,82	45	688	1.748.887,13	50	745	2.177.186,90	55	856	2.314.931,95
RGS	0	0	0,00	0	0	0,00	5	144	69.200,00	5	192	116.815,00
RGMV	0	0	0,00	0	0	0,00	48	834	380.720,00	47	632	429.588,66
Total	44	552	1.405.318,82	45	688	1.748.887,13	103	1.723	2.627.106,90	107	1.680	2.861.335,61

significativo no caso da danza, que chega ao 19% en número de funcións e ó 35% en orzamento de contratación.

Xa en 2007, e como consecuencia da reforma da Rede Galega de Teatros e Auditorios, a comparativa con respecto a 2006 fora claramente positiva, ao darse entón un aumento do 22% no número de espazos escénicos, do 8% na programación e do 25% nas dotacións económicas [v. cadro 2].

Máis axudas

En cumprimento do establecido no Plan Galego de Artes Escénicas (PGAE),

as partidas destinadas ao fomento da actividade escénica incrementáronse até chegar aos 1.240.000 euros, dos que preto dun 80% se destinaron á actividade teatral. Como novidade, integrouse na convocatoria ordinaria unha liña de axudas para investimentos produtivos das empresas do sector da maxia. Un total de 40 compañías de teatro e danza acolléronse ás axudas á actividade escénica, cun importe medio de 31.000 euros por beneficiario.

En 2008 elaborouse a convocatoria de axudas para 2009 cun incremento do 18% nas súas dotacións (de 1.240.000 a 1.450.000 euros), co que quedaron

incluso superados os obxectivos do PGAE. Isto supuxo a triplicación das contías dispostas para axudas á produción respecto ao exercicio 2005 [v. cadro 3].

Canto ao ámbito das axudas á distribución exterior das artes escénicas, se en 2006 foron beneficiadas 20 compañías para realizar 104 funcións preferentemente na xeografía española; no último ano foron 30 empresas as adxudicatarias, cun número de funcións que ascendeu a 297, cifra á que habería que

continúa na páx. seguinte

.....
vén da páx. anterior

sumar outras 33 funcións realizadas ao abeiro das axudas á contratación na Feira Galega das Artes Escénicas. Do mesmo xeito, se en 2006 a distribución exterior supuña un volume do 15% con respecto á distribución na RGTA; en 2008 esta porcentaxe sube até o 41% [v. cadro 4].

Principais logros

O informe-memoria da AGADIC relaciona tamén os principais logros acadados nos últimos anos, como foron a posta en marcha da Rede Galega de Salas, a modificación do regulamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios –con resultados moi positivos canto ao incremento da actividade escénica e á reordenación interna do sector–, a

subvención de 26 proxectos de mellora nas dotacións técnicas dos espazos de programación e a reformulación das liñas de axuda directas (creación das axudas bianuais, compañías residentes, axudas á nova creación, ao sector da maxia), a redacción do PGAE, a sinatura do primeiro convenio colectivo de actores e actrices de Galicia, etc.

No campo da música, xa dende 2006 viñéronse implantando medidas no ámbito das programacións, das axudas directas e da promoción exterior, para apoiar a actividade empresarial tanto no ámbito da música gravada coma no da música ao vivo. O sector musical dispón na actualidade de liñas de axuda para a promoción social de traballos discográficos, para a actuación de artistas galegos fóra de Galicia ou para a presenza de empresas musicais en feiras e mercados internacionais.

Cadro 3: Evolución global das axudas á produción/actividade escénica

	2005	2006	2007	2008	2009	% 05/09
Orzamento total	460.677,00	785.000,00	993.458,68	1.240.000	1.450.000	214,75%
Nº proxectos	20	25	39	40	36 ⁽¹⁾	80,00%
Orzamento por proxecto	23.033,85	31.400,00	25.473,30	31.000,00	40.277,77 ⁽¹⁾	74,86%

(1) Previsións

Cadro 4: Evolución global das axudas á distribución no ámbito da actividade escénica

	2006	2007	2008	% 06/08	Feira 08	Feira 07
Orzamento total	81.023,85	75.783,45	201.313	148,46%	252.544,87	113.681
Nº proxectos	26	37	76	192,31%	21	11
Nº compañías	20	17	30	50,00%	18	7
Nº funcións en España	100	124	203	103,00%	129	69
Nº funcións no extranxeiro	4	39	95	2.275,00%	14	3
Total funcións	104	163	297	185,58%	143	72



AUDIOVISUAL

CONVOCADAS AS AXUDAS AUTOMÁTICAS PARA A AMORTIZACIÓN DE CUSTOS DE PRODUCCIÓN

O Diario Oficial de Galicia publicou o pasado 30 de marzo a convocatoria da AGADIC das axudas de concesión automática para a amortización de custos de produción de longametraxes, telefilmes e documentais en lingua galega. Ésta é a primeira ocasión en que a Administración autonómica emite axudas deste tipo, para as que se destinan 600.000 euros, aínda que a dotación máxima poderá ser ampliada en función das disponibilidades orzamentarias.

Están destinadas a longametraxes cinematográficas (ficción, documental, animación), telefilmes e documentais de interese cultural galego que teñan sido obxecto de estrea comercial ou

venda a televisións en aberto –por un importe non inferior a 80.000 euros– dende o 1 de xaneiro de 2008 até o 30 de outubro de 2009.

Para ser obxecto de subvención nesta modalidade os solicitantes debarán cumprir, cando menos, dúas das condicións ou criterios culturais seguintes: que a produción se desenvolva principalmente en Galicia ou noutros lugares da Unión Europea, que algún un dos personaxes principais estea vinculado coa cultura galega ou europea ou co ámbito territorial lingüístico galego, que o guión estea baseado nunha adaptación dunha obra literaria escrita orixinariamente en lingua galega, que a produción teña como temática a cultura ou o patrimonio galego ou europeo ou feitos da historia de Galicia ou Europa e que a produción trate temas actuais, culturais, políticos ou sociais de interese galego ou europeo.

MÚSICA

A RGMV ÁBRESE AOS GRUPOS NOVEIS A TRAVÉS DO ENCONTRO NSAIO XERAL

A Rede Galega de Música ao Vivo acollerá entre os meses de abril e maio un total de oito concertos a cargo doutros tantos grupos noveis, que foron seleccionados a raíz da súa participación no I Encontro da Música Emerxente de Galicia, o Nsaio Xeral.

Beatus Ille, Dirty Socks, Duplo Son, Labazada, Los Ruínes, Mausvizinhos, Perpretadores de Actos e Supersound foron as bandas elixidas polo xurado durante o cásting do Nsaio Xeral, organizado pola Rede Galega de Locais de Ensaio o pasado mes de xaneiro en Santiago de Compostela e no que participaron un cento de formacións de toda Galicia. Xunto cos oito grupos que tocarán nos locais da RGMV, deste encontro saíron así mesmo os 24 gañadores das actuacións no ciclo Vai de Camiño 2009 do Xacobeo.

Esta programación especial da Rede Galega de Música ao Vivo comeza o 4 de abril co concerto de Supersound en El Ensanche de Vigo, ao que seguirán os de Beatus Ille no Aturuxo de Bueu (17 de abril), Labazada no Zona Cero de Caldas de Reis e Perpretadores de Actos en El Ensanche (ambos o día 24) e Dirty Socks no Pub Gatos de Melide (día 30). Xa en maio, Mausvizinhos estarán en La Casa de Arriba de Vigo (día 8), Los Ruínes no Auriense Café Cultural de Ourense (día 9) e Duplo Son no Clavicémbalo de Lugo (día 30).

+ info en www.nsaio.org

29 DE ABRIL, DÍA INTERNACIONAL DA DANZA

A comunidade coreográfica internacional e os afeccionados ao baile conmemoran o Día Internacional da Danza cada 29 de abril. Coincidindo con esta data, instaurada en 1982, o Consello Internacional da Danza (CID) –organismo integrado na Unesco– distribúe entre os profesionais do sector de 200 países dúas mensaxes: a oficial, que asina o seu presidente, Alkis Raftis; e outra escrita por un profesional do sector, responsabilidade que este ano recaeu no bailarín e coreógrafo británico Akram Khan.

+ info en: www.cid-unesco.org

O futuro da danza radica nas persoas que non bailan

Estas persoas pertencen a dúas categorías: os que simplemente non aprenderon a bailar e aqueles que pensan que non poden bailar. Estes dous tipos de persoas representan o maior reto para a profesión do mestre de danza.

En consonancia coa loita da UNESCO contra os prexuízos e a discriminación, estamos tratando de ampliar os límites da danza para cambiar a percepción actual do que é un bailarín. A arte da danza non é necesariamente unha exposición do extremadamente físico, da exacta precisión ou da desbordante emoción. Pode ser unha celebración de interacción entre os artistas intérpretes. Podemos enriquecer os recitais de danza con bailaríns, cantantes, actores, narradores, mimos, acróbatas, etc., de todas as idades e en todos os graos de discapacidade.

A integración a través da danza dos ata agora excluídos non só é un deber moral, senón que tamén abre unha gran porta de saída en tempos de crise económica e desemprego. En cada país hai millóns de persoas con discapacidade física ou mental. Cremos que están listos para bailar.

Axudalos creará novos postos de traballo para miles de profesores de danza. Os discapacitados son asistidos polo Ministerio de Saúde, Traballo e Asuntos Sociais. A integración de persoas marxinalizadas na práctica da danza é tan importante como a súa integración no mercado laboral.

O Consello Internacional da Danza adhírese ao principio de que todos poidan bailar.

O Día da Danza 2009 dedícase á danza integradora. Incluiremos todos os membros da sociedade nosos cursos e nas nosas actuacións escénicas.

Alkis Raftis

Este día tan especial, o Día Internacional da Danza, está dedicado á única linguaxe que cada un de nós sabe falar neste mundo, a linguaxe innata dos nosos corpos e das nosas almas, a dos nosos antepasados e dos nosos nenos.

Este día está dedicada a cada deus, gurú e antepasado que sempre nos aprenderon e inspiraron cada canto, pulo e instante que nos incitou a nos mover.

Está dedicado ao neno que que quereda poder moverse coma o seu ídolo, e á nai que lle di “eres quen, podes facelo”.

Este día está dedicado a cada ser de calquera confesión, cor e cultura que transforma as tradicións do seu pasado en historias do presente e en soños para o futuro.

Este día está dedicado á danza, á súa infinidade de expresións e á súa inmensa capacidade de exteriorizar, de transformar, de unir e de alegrar.

Akram Khan

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO [CCG]



EXCELENTE ACOLLIDA ÁS FUNCIÓNS DE “GISELIÑA” EN MARROCOS

Giseliña, a nova produción do Centro Coreográfico Galego (CCG) asinada por Cisco Aznar, obtivo un importante éxito de público nas dúas funcións que ofreceu os pasados 24 e 26 de marzo nas cidades marroquís de Rabat e Tetuán, rexistrando en ambos casos unha ocupación do 80 por cento do aforo. A través dun acordo co Instituto Cervantes, a compañía actuou no Teatro Español de Tetuán e na capital de Marrocos no marco da 1ª Bienal de Teatro Internacional, na que participaron

compañías de Francia, Suíza, España, Italia, Alxeria, Tunisia, Arabia Saudí, Palestina, Xeorxia e Turquía.

A peza logrou unha calorosa resposta por parte do público que acudiu ás dúas representacións, entre o que se atopaban estudantes universitarios e do Instituto Nacional de Belas Artes, integrantes da colonia española e público xeral.

Giseliña proseguirá nas vindeiras datas a súa xira dentro e fóra de Galicia, con representacións estes mes en Puertollano (día 1), Xixón (días 2 e 3), Murcia (días 17 e 18), Pontevedra (día 24) e Ourense (días 29 e 30).

O CCG ORGANIZA UNHA SESIÓN DE VÍDEODANZA PARA TODOS OS PÚBLICOS

O Centro Coreográfico Galego, coa colaboración da Fundación Luís Seoane, organiza unha sesión interpretativa de vídeo-danza para todos os públicos, que será dirixida por Núria Font. A actividade, que terá lugar o 23 de abril ás 19.00 horas na sede da devandita Fundación na Coruña, pretende achegar a danza á cidadanía, fomentando o coñecemento das artes multidisciplinares mediante o traballo con linguaxes de expresión contemporáneas do movemento e da creación audiovisual.

A sesión combinará teoría e práctica e estruturarase en dúas partes, unha primeira de visionado e outra de comentario dos vídeos. A asistencia é gratuítas para os participantes, co único requisito previo de inscribirse a través do *mail* documentacion.ccg@xunta.es.

Esta iniciativa está promovida por NU2's, unha asociación sen ánimo de lucro con sede en Barcelona, dirixida por Núria Font e creada en 2005 para xestionar o proxecto Imatge, Dansa i Nous Mitjans / Videodansa. O seu obxectivo é dar continuidade ás actividades vinculadas a esa mostra, manter e mellorar a axuda á produción, a difusión internacional e a creación de espazos de investigación e debate para a programación de obras de vídeo-danza, exposicións e *performances*.

EDITADO O PRIMEIRO NÚMERO DA COLECCIÓN "CORPO DE LETRA"

O primeiro número da colección Corpo de Letra, que poñen en marcha o Centro Coreográfico Galego, o Mercat de les Flors (Barcelona) e a Universidade de Alcalá (Madrid) acaba de saír á rúa baixo o título *O esgotamento da danza. Performance e a política do movemento*. A obra, escrita por André Lepecki, antropólogo de orixe brasileira e actual profesor do Performance Studies Department da Universidade de Nova York, ofrece unha revisión significativa e radical das nosas formas de pensar a danza, argumentando a necesidade de renovar o compromiso entre os estudos de danza e as prácticas artísticas e filosofías experimentais.

O obxectivo desta colección é o de difundir e incentivar un pensamento analítico e crítico sobre cuestións relacionadas co movemento, o corpo e a composición coreográfica, e as súas vinculacións e relacións con outras materias artísticas, sociais e políticas. A través das súas sucesivas entregas, dotará ademais de obras de referencia e propostas críticas –todas elas inéditas– a un ámbito artístico que conta cun moi escaso acompañamento teórico.

A colección completa Corpo de Letra constará de dez libros a publicar en tres anos, dos que se editarán versións en castelán (500 exemplares), catalán (250 exemplares) e galego (250 exemplares), así como unha recompilación anual en inglés dos textos inéditos nesta lingua.

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO [CDG]

O CDG COPRODUCE TEATRO CONTEMPORÁNEO DA MAN DE IVÁN MARCOS

O Salón Teatro acolle do 17 ao 19 de abril a estrea de *Eco*, unha peza de teatro contemporáneo a cargo de Iván Marcos en coprodución co Centro Dramático Galego (CDG). A proposta, que está baseada nos procedementos de construción e deconstrución das identidades individuais, parte da exploración de diferentes formas de percepción sensorial e desenvólvese nunha linguaxe teatral de carácter interdisciplinar.



Iván Marcos

O creador galego asume a dirección e a interpretación desta montaxe que explora a relación entre as cousas que desexamos, como pensamos, como nos tratamos a nós mesmos, os alimentos que decidimos comer, as nosas preferencias sexuais, clase social, herdanza... e como estes elementos son usados de cara á adquisición dunha identidade individual, instalando a cada individuo nun colectivo humano concreto, constituído por todos aqueles que lle dan forma e cos que se sente relacionado debido á súa orixe, orientación ou experiencia común.

Canto á posta en escena, unha plataforma xiratoria ocupa o centro do espazo. Este artificio, típico do teatro *Kabuki*, emprégase como un escaparate desde o que observar, diseccionar e analizar o corpo e a voz do *performer*, pero tamén como unha tribuna viva, dinámica, desde a que confrontar o suxeito analizado coa realidade dun medio cambiante.



David Tibet, fundador de Current 93

MÚSICA, TEATRO E DANZA NA PROGRAMACIÓN DO SALÓN TEATRO ATÉ XUÑO

O Salón Teatro, espazo escénico xestionado polo CDG, xa ten configurada a súa nova programación trimestral, que arrica a principios de abril coas últimas funcións de *As dunas* e se prolongará até finais de xuño cun total de 35 días de apertura ao público nos que haberá concertos, teatro galego, danza e *performances*.

No apartado de música, o 2 de abril terá lugar o concerto de Pram, o 14 de maio o de Larsen & Little Annie e o 16 e 17 de maio o de Current 93. Ás tres citas da extensión compostelá do Festival Sinsal engádese o 7 de xuño a actuación da Orquestra de Música Espontánea de Galicia (OMEGA), dentro do Festival Vibracional TPS.

Canto ao teatro, ademais das estreas das coproducións de *Eco*, con Iván

Marcos (17, 18 e 19 de abril), *Delimvois*, co portugués Teatro Oficina (23 e 24 de maio) e *Wake up*, con Nut Teatro (18, 19, 20 e 21 de xuño); o Salón Teatro acollerá a celebración dos 20 anos de Teatro do Morcego con oito representacións do seu último espectáculo *Kvetch* (23, 24, 25, 26 e 30 de abril e 1, 2 e 3 de maio) e a nova produción da obra *A piragua* a cargo de Abrapalabra (25, 26 e 27 de xuño).

A danza estará representada pola Compañía Salva Sanchís (Bélxica) con *Objects in the mirror are closer than they appear* (9 e 10 de maio) e a estrea da peza *Ovay* pola Compañía Quique Peón en coprodución co Centro Coreográfico Galego (13 e 14 de xuño).

Ademais, entre o 4 e o 6 de xuño desenvolverase a terceira edición do ciclo AcciónST, no que distintas formacións artísticas levarán a cabo accións escénicas en diferentes localizacións dentro do edificio do teatro.

ÉXITO NA ESTREA DE “RÚA AIRE” EN MURCIA COMO PRIMEIRA COPRODUCCIÓN DA TEMPORADA

Rúa Aire, a peza para público infantil creada, dirixida e interpretada por O Retrete de Dorian Gray en coprodución co CDG, acadou un grande éxito na súa estrea o pasado domingo 29 no Teatro Villa de Molina (Molina de Segura, Murcia). En Galicia, a montaxe poderá verse na Sala Nasa os días 24, 25 e 26 de abril e 1, 2 e 3 de maio.

A compañía que integran Marcos PTT Carballido e Ezra Moreno enfronta xunto ao CDG a súa segunda creación de gran formato inventando unha nova técnica manipulativa: o monicreque construído con globos, todo un reto á hora de desenvolver as posibilidades dramáticas desta técnica que eles mesmos inventaron e coa que levan traballando dende 2005.

No escenario, aparece unha mesa de manipulación provista de todo tipo de resortes luminosos e sonoros, na que se ubican dous titiriteiros coas súas maletas cheas de máquinas, pequenas pezas escenográficas e globos desinflados. Unha vez establecidos, comezan a crear ante o público os primeiros bonecos, inflándoos e moldeándoos á vista con precisión cirúrxica.

O protagonista de *Rúa Aire* é un personaxe anónimo do que coñecemos toda a súa biografía, desde o berce á tumba: como crece, como se fai sabio, envellece e se despide da súa vida. Nesta viaxe polos momentos máis importantes da súa existencia e dos fitos históricos do seu mundo, pasan ante os ollos dos espectadores todo tipo de monicreques efímeros: animais, vexetais e personaxes que configuran un universo en continuo diálogo co público e cos seus manipuladores.

PRINCIPIA NA LOCALIDADE PORTUGUESA DE VILA REAL A XIRA DE “AS DUNAS”

As dunas, última produción do CDG que se estreou o pasado 6 de marzo, inicia a súa distribución cunha función o vindeiro 8 de abril na localidade portuguesa de Vila Real. A xira deste espectáculo, que se prolongará até o mes de xuño, continuará polas localidades galegas do Barco de Valdeorras (Teatro Lauro Olmo, 17 de abril), A Coruña (Teatro Rosalía, 24 e 25 de abril), Vigo (Centro Cultural Caixanova, 29 e 30 de abril), Tui (Teatro Área Panorámica, 8 e 9 de maio), Vilagarcía de Arousa (Auditorio Municipal, 14 e 15 de maio), Ourense (Teatro Principal, 22 e 23 de maio), Narón (Pazo da Cultura, 29 e 30 de maio), Ribadeo (Auditorio Municipal, 7 de xuño) e Ferrol (Teatro Jofre, 13 de xuño).

A obra, escrita *ad hoc* por Manuel Lourenzo, conta coa dirección escénica de Quico Cadaval. Autor e director suman os seus talentos creativos nesta nova produción da compañía pública á que ambos se refiren como “un cabaré sobre o paraíso perdido”, unha peza cun destacado compoñente onírico que fala sobre especulación urbanística, corrupción, ecoloxía, amor, desamor e sexo.

Cadaval ideou unha montaxe de teatro, danza e música en directo, para a que conta cun elenco multidisciplinar do que forman parte tanto nomes consagrados como novos valores da escena galega: Paula Buján, Evaristo Calvo, Paulo Oliveira, Manuel Cortés, Susana Dans, Christian Escuredo, Juan Carlos Mosquera “Mos”, Iria Pinheiro, Rodrigo Roel e Davide Salvado.



REBECA MONTERO GAÑA UN MARÍA CASARES POLO SEU PAPEL EN “A BOA PERSOA DE SEZUÁN”

A actriz Rebeca Montero recibiu o premio María Casares como mellor actriz secundaria polo seu papel de Xin na montaxe *A boa persoa de Sezuán*, primeira produción da actual temporada do CDG. O galardón foille outorgado nunha gala que se celebrou o pasado 25 de marzo no Teatro Rosalía da Coruña, organizada pola Asociación de Actores e Actrices e Galicia.

A obra triunfadora dos María Casares deste ano foi *Unha primavera para Aldara*, que se fixo con sete mencións (mellores espectáculo, director, actriz protagonista, texto orixinal, escenografía, vestuario e iluminación). Os demais premios foron para Vitor Mosqueira (mellor actor), Suso Alonso (música orixinal) –ambos por *Obra (No comment)* de PT Excéntricas– e Artur Trillo (mellor actor secundario) por *E ti, quen vés sendo?* de Talía Teatro. Avelino González e Olga Nogueira leváronse a distinción ao mellor texto adaptado por *Aeroplanos*, de Lagarta Lagarta; e Cristina Couto obtivo o de mellor maquillaxe polo seu traballo para *Dáme veneno*, de Sarabela Teatro.

O Premio de Honra Marisa Soto foi para Ana Romani, directora e presentadora durante 19 anos do programa Diario Cultural da Radio Galega.

+ info en www.aadteg.org



As dunas

"PETER BUCKLEY", DE RUBÉN RUIBAL E CÉSAR CANDELAS, OBTÉN O PREMIO DIARIO CULTURAL DE TEATRO RADIOFÓNICO

A obra titulada *Peter Buckley*, asinada por Rubén Ruibal e César Candelas, obtivo o III Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico nas súas dúas categorías: o galardón do xurado e o da audiencia. Como finalistas quedaron os textos *Servizo de información*, de Paula Carballeira e *O xou mas go on*, de Eva Freixeira. O CDG colabora na convocatoria deste premio, que conta co patrocinio da Consellería de Cultura e Deporte para fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio e contribuír á recuperación do formato de teatro radiofónico.

O xurado, que emitiu o seu ditame por maioría dos seus membros, destacou que a obra gañadora "é unha historia que emprega pautas do xénero negro, convertendo a estrutura do relato nunha traslación radiofónica dun ambiente cinematográfico. Valora ademais a escrita áxil, contundente e madura, con personaxes ben perfilados".

Rubén Ruibal (Ribadeo, 1970), autor dramático de recoñecida traxectoria, recibiu o Premio Álvaro Cunqueiro en 2005 e o Premio Nacional de Literatura Dramática. César Candelas Colodrón é mestre de Historia na Universidade da Coruña e ten publicado varios traballos académicos e de divulgación.

Edicións Xerais de Galicia publicará un libro-cd coa dramatización dos tres títulos finalistas, un traballo coordinado polo CDG que contou coa dirección de Cándido Pazó e a interpretación, entre outros, de Xosé Manuel Olveira "Pico", Beatriz Méndez, Santi Prego, Pepo Suevos, Camila Bossa e Lino Braxe. O volume será presentado durante o acto de entrega do premio, que se celebrará o próximo 15 de abril no Teatro Rosalía Castro da Coruña.

+ info en www.crtvg.es



